

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 3 DE XULLO DE 2008.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas do día tres de xullo do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo e Dna. M^a Anxos Díaz Prados. Non asiste, con escusa, Dna. Carolina Cruz Fernández. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 19.06.2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 19.06.2008.

2.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚM. 462/2008, DO 23 DE XUÑO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a resolución da alcaldía núm. 462/2008, de 23 de xuño, que copiada literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 462/2008.- *Vista a acta de recepción única das obras de “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 1.- CENTRO CÍVICO”, incluídas na 2ª fase do Plan Especial de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas da Excma. Deputación Provincial de A Coruña, de data 06.06.2008, e das que é adxudicatario D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., pola presente **RESOLVO:***

1º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 06.06.2008.

2º.- Que se remita copia á Excma. Deputación Provincial de A Coruña, por estar incluída no plan Especial de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas, 2ª fase, aos efectos da súa xustificación.

3º.- Ratifíquese o presente acordo na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre.

3.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 2-FINAL da obra de “REHABILITACIÓN DA ESCOLA UNITARIA DE NOVÁS-A PEDREIRA”, da que é adxudicatario D. CONSTRUCCIONES SEIFRAN S.L., por importe de ONCE MIL NOVECENTOS VINTE E DOUS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (11.922,65 €), con cargo á partida

2008.1.451.0.63200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

4.- BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2008.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación ás “Bases xerais reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público de 2008”, coas seguintes emendas ao texto obrante no expediente:

Base 5.- Tribunais cualificadores.- 5.2.- Onde di: a designar pola alcaldía, engadir “a proposta da Comisión de Persoal.

Elimínase a Base 12.- Formación listas ou bolsas de traballo.

5.- BASES CONVOCATORIA ESPECÍFICA 1/2008: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA. QUENDA LIBRE)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación ás “Bases convocatoria específica 1/2008: auxiliar administrativo (funcionarios/as de carreira)”, coas seguintes emendas ao texto obrante no expediente:

8ª.- Tribunal cualificador.- Onde di: *designados pola Alcaldía, engadir “a proposta da Comisión de Persoal”*

2º.- Desestimar a proposta da comisión relativa ao carácter non eliminatorio do 4º exercicio- coñecemento do galego- debido a que o posto é para a área de secretaría, na que é preciso coñecer e dominar o galego para a confección das actas de demais documentación.

6.- BASES CONVOCATORIA ESPECÍFICA 2/2008: OFICIAL 2ª SERVICIOS MUNICIPAIS (PERSOAL LABORAL. PROMOCIÓN INTERNA)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación ás “Bases convocatoria específica 2/2008: oficial 2ª de servizos municipais (persoal laboral-promoción interna), coas seguintes emendas ao texto obrante no expediente:

8ª.- Tribunal cualificador.- Onde di: *designados pola Alcaldía, engadir “a proposta da Comisión de Persoal”*.

7.- BASES CONVOCATORIA ESPECÍFICA 3/2008: MAQUINISTA CHÓFER DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS (PERSOAL LABORAL FIXO. QUENDA LIBRE)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación ás “Bases convocatoria específica 3/2008: maquinista chofer de vehículos municipais” (persoal laboral-quenda libreomoción interna)”, coas seguintes emendas o texto que figura no expediente:

8ª.- Tribunal cualificador.- Onde di: *designados pola Alcaldía*, **engadir “a proposta da Comisión de Persoal”**.

8.- BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E ELABORACIÓN DAS LISTAS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO NO CONCELLO DE MUGARDOS.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación ás “Bases que rexerán a convocatoria e elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballo no Concello de Mugar dos”, coas seguintes emendas ao texto obrante no expediente::

Base 3ª.- Solicitudes, apertura da convocatoria e prazos.

3.3 *Pagamento das taxas...*

Grupo C2: 9 euros.

Grupo C1: 6 euros.

Base 6ª.- Comisión de selección.- Onde di: *a designar pola Alcaldía*, **engadir “a proposta da Comisión de Persoal”**

Base 7ª.- Elaboración das listas.- ... As listas terán unha vixencia de **dous anos**.

Base 8ª.- Baremación de méritos:

A.1 ... **0,15 puntos/mes completo.**

A.2 ... **0,10 puntos/mes completo.**

A.3 ... *A suma da puntuación destes tres apartados non poderá exceder de 2,5*

puntos

2º.- Efectuar a convocatoria para elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballo correspondentes ás categorías seguintes:

1) OFICIAL DE SERVICIOS VARIOS (GRUPO C2)

2) PEÓN DE SERVICIOS VARIOS E LIMPADOR/A EDIFICIOS MUNICIPAIS (GRUPO E/AP)

3) CONSERXE DE EDIFICIOS MUNICIPAIS (GRUPO E/AP)

9.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA”, INCLUIDAS NO P.O.S. 2008.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes da interventora e do secretario municipal, obrantes no expediente, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada pola alcaldía en data 25.06.08, e que copiada literalmente di:

“O Concello Pleno prestou a súa aprobación ao proxecto técnico das obras, incluídas no P.O.S. do 2008, na sesión celebrada o día 19.11.2007, proxectos do P.O.S. que foron aprobados pola Deputación no Pleno celebrado o día 29 de febreiro de 2008.

Vista a circular para a contratación das obras incluídas no P.O.S. 2008, remitida pola Deputación Provincial, e visto o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e atendidos os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a necesidade de contratación das citadas obras para dotar ao servizo de saneamento ás vivendas da zona que constan no proxecto técnico.

2.- Aprobar o expediente de contratación das obras e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento negociado, e aprobar o gasto, con cargo á partida 2008.0.441.0.63702 do orzamento vixente.

3.- Sinalar que o prego de cláusulas administrativas que rexerá a contratación será o PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS, aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o día 25.04.2008 (B.O.P. 29.04.08).

4.- Sinalar que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos.”

10.- AXUDAS REHABILITACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL.

A Xunta de Goberno, tendo en conta o informe emitido pola técnica municipal así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación inicial á seguinte subvención ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

- D. ANDRÉS AUZ CASTRO (EXPTE. MUG_ 1006) segundo solicitude de data 15 de xaneiro de 2008, propietario da vivenda sita na R/ María nº 10, 1º, pola contía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 2.766,00 €, para rehabilitación de edificio sen baleirado interior e actuacións en elementos comúns e de mellora e conservación de elementos con valor arquitectónico, histórico e ambiental.

2º.- Concederlle a bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugaros.

11.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta ou visto, segundo proceda en cada caso, o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, e tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- D. ANDRÉS AUZ CASTRO (EXPTE. 12/2008) segundo solicitude de data 15 de xaneiro de 2008, para cambio de cuberta, en R/ María nº 10, referencia catastral: 0325005NJ6102N.

O edificio atópase fóra de ordenación por criterios estéticos, de acordo ao artigo 203 do vixente PXOM.

Segundo o artigo 49.1 do PXOM as obras permitidas en edificios fóra de ordenación serán *“as de conservación, mantemento e as de reforma menor”*.

O cambio de cuberta será nunha superficie de 97 m², substituíndo a existente de prancha ondulada de fibrocemento, por fibrocemento e tella do país.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Deberá de ter en conta o criterio de composición das fachadas de acordo ao artigo 203 do PXOM:

“As fachadas exteriores, segundo criterios aprobados polo Concello, terán na súa composición as seguintes características tradicionais:

- *Contarán con ocos de eixo vertical dominante que formarán balcóns ou galerías; as varandas serán de balaústre ou ferraxería análogos ás do seu contorno.*
- *A cuberta regularase nas condicións establecidas no art. 84. Resolverase a base dos materiais tradicionais da zona (tella curva árabe), terá un saliente máximo no aleiro non superior a 30 cm. sobre o voo máximo permitido segundo o ancho da rúa e a súa pendente non superará en ningún caso os 30 grados sexagesimais, sen exceder en ningún caso dos 3,60 m. de altura máxima de cumio. Prohíbense os petos en fachadas.*
- *Permítense os aproveitamentos baixo cuberta para uso residencial vinculado a vivendas da planta inferior, dentro do sólido definido no apartado anterior.*
- *A construción de sotos ou semisotos, e a das plantas baixas non residenciais, deberán tratarse con solucións de deseño e composición unitarias, harmónicas co resto do edificio.*
- *As fachadas, remataranse en pedra natural da zona, en sillares ou chapados, non ostentosos nin brillantes. Os rebocos terán textura rugosa e cor asimilable á zona. Non se permitirán carpinterías con brillos metálicos, sempre coas cores do seu*

contorno. Permítense carpinterías e balaústres de madeira.

- *As fachadas posteriores e as medianeiras seguirán na súa composición e estética as mesmas consideracións.*

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

Previo á instalación dos andamios deberá de presentar Estudio Básico de Seguridade e Saúde de montaxe e desmontaxe de andamios, que deberá incluír:

- plano de situación a escala mínima 1/500 da ocupación en planta do andamio, onde aparecerá delimitada a vivenda e a zona pública de ocupación, así como os viais e beirarrúas.

- coordinador ou director de obra.

- Dna. MARÍA JESÚS DOCAMPO DEIBE en representación de D. BELARMINO FEAL CORRAL (EXPTE. 26/2008) segundo solicitude de data 7 de febreiro de 2008, para legalización de pozo, Simou nº 15, referencia catastral: 0008003NJ5190N.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo de Núcleo Rural.

Sitúase efectivamente, como mínimo a 3 metros de colindantes, a 7 metros da aresta exterior de explanación de calquera vía pública, e a 20 metros de calquera fosa séptica, estercoleiro ou fonte contaminante.

Cumprirá as prescricións do uso privativo de Augas de Galicia. *(Para a utilización de manantiais ou pozos, sempre que non se superen os 7.000 m³ anuais e que se utilicen dentro da mesma parcela na que nacen, deberase solicitar o recoñecemento do dereito e a correspondentes inscrición no rexistro de augas –artigo 84 e seguintes do Regulamento do Dominio Público Hidráulico).*

- D. JAVIER JESÚS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (EXPTE. 39/2008) segundo solicitude de data 28 de xaneiro de 2008, para construción de adega, en R/ Fieiteiras, referencia catastral: 1219061NJ6111N.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano de Baixa Densidade.

A instalación consiste nunha caseta de xardín de planta 3 x 3 m (9 m²).

A súa altura non supera a máxima de 2 metros e non ten servizos hixiénicos nin se emprega para usos habitables.

Respecta os retranqueos obrigatorios a lindeiros (mínimo 2 m) e a aliñación establecida polo PXOM na rúa Fieiteiras (5 m. dende o eixo para unha vía de 10 m), que coincide coa que se deu para a licenza de edificación.

- D. JOSÉ MARTÍNEZ NÚÑEZ (EXPTE. 43/2008) segundo solicitude de data 4 de marzo de 2008, para construción de portalón de entrada e a colocación de encanamentos, en A Seña nº 33, referencia catastral: 001600500NJ61A.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Rústico Común.

A obra consistirá en mover un portalón de entrada cara ao interior da finca. Dá fronte á vía pública de titularidade municipal “grao B”, polo que o portalón distará 4 metros do eixo da vía, debendo solicitar aliñación ao concello antes da súa execución.

O peche axustarase ás características do artigo 42.1.c) da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e ao artigo 309 do PXOM, no que se

establece que as portas e portóns de entrada terán tamén unha altura máxima de 1,50 metros, sendo opacos como máximo 1 metro.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. ANTONIO BOLLO IGLESIAS (EXPTE. 47/2008) segundo solicitude de data 7 de marzo de 2008, para reforma de baño, en R/ Ares nº 8, referencia catastral: 0527509NJ6102N.

A reforma consistirá en alicatados, solados e aparatos sanitarios.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. MÓNICA MARTÍNEZ REGUEIRO (EXPTE. 57/2008) segundo solicitude de data 18 de marzo de 2008, para construción de pozo, en Franza de Arriba, referencia catastral: 3212024-25NJ6131S.

Situarse a 3 metros de colindante, 7 metros da aresta exterior de explanación de calquera vía pública, 5 metros do eixo do serventío e 20 metros de calquera pozo, por ser compatible coa ordenación existente.

Deberá cumprir ademais, as prescricións do uso privativo de *AUGAS DE GALICIA*.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. JESÚS CRIADO RODRÍGUEZ (EXPTE. 69/2008) segundo solicitude de data 7 de abril de 2008, para cambio de cuberta, en Avda. Francisco Yáñez nº 2, referencia catastral: 0420021NJ6102S.

O cambio da cuberta será nunha superficie de 61 m², substituíndo a existente de vigas de madeira e tella, por fibrocemento e tella do país.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Autorízase tamén o enfoscado exterior e repicado do recubrimento actual.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- D. MANUEL PENA VEIGA (EXPTE. 75/2008) segundo solicitude de data 10 de abril de 2008, para canalización interior da finca e modificación do entronque da rede de sumidoiros, en A Pedreira nº 9, referencia catastral: 1722232NJ6112S.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JUAN A. FERNÁNDEZ AMENEIRO (EXPTE. 83/2008) segundo solicitude de data 14 de abril de 2008, para colocación de plaqueta nunha superficie de 20 m², en R/ Cotellón nº 1, referencia catastral: 0524101NJ6102S.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. M^a JESÚS CAPARRÓS BARRO (EXPTE. 95/2008) segundo solicitude de data 21 de abril de 2008, para colocación de carpintería de aluminio, en Avda. do Seixo nº 74, referencia catastral: 3620009NJ6132S.

O cambio consistirá en dúas portas e dúas fiestras de madeira.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. MANUEL PENA VIDAL (EXPTE. 101/2008) segundo solicitude de data 5 de maio de 2008, para reposición de soleira de formigón e beirarrúa dende a aliñación exterior do camiño Bello Piñeiro no interior da finca, en Avda. Bello Piñeiro nº 13, referencia catastral: 3820018NJ6132S.

A intervención será nunha superficie de 100 m².

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. GLORIA GÓMEZ RODEIRO (EXPTE. 107/2008) segundo solicitude de data 9 de maio de 2008, para aplacado de dúas columnas con pedra, en Avda. Bello Piñeiro nº 53, referencia catastral: 4220017NJ6141N.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. MANUEL PANDELO DOPAZO (EXPTE. 109/2008) segundo solicitude de data 12 de maio de 2008, para cambio de cuberta nunha superficie de 76 m², en R/ Xesteira nº 40, referencia catastral: 0624015NJ6102S.

Substituírase a cuberta existente de fibrocemento por fibrocemento e tella do país.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

O edificio atópase fóra de ordenación, pero as obras son de reforma menor e polo tanto autorizables segundo o artigo 49.1 do PXOM.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- Dna. ELENA GARCÍA SEDÁN en representación de HERMANOS GARCÍA SEOANE C.B. (EXPTE. 122/2008) segundo solicitude de data 2 de xuño de 2008, para demolición/reconstrución de fábricas de ladrillo en fachada, muros laterais e tabique intermedio portante, en R/ Peteiro nº 30, referencia catastral: 0025003NJ5192N.

A parcela está cualificada como Solo Urbano Denso.

A construción está sen uso e en mal estado, con problemas de seguridade estrutural que afecta á estrutura da cuberta e aos muros de fábrica. Estes muros e tabiques teñen gretas e deformacións importantes, e como están incompletos por derrube ou demolición, son un apoio insuficiente para as vigas e pontóns da cuberta (de madeira e de formigón pretensado) polo que se colocaron apeos metálicos, apoiados sobre unha soleira moi deteriorada.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PECHES

- **Dna. CARMEN DÍAZ CARNERO (EXPTE. 27/2008) segundo solicitude de data 7 de febreiro de 2008**, para peche, na rúa Apelón nº 40, referencia catastral: 0422043NJ6102S.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano Semidenso.

O peche que dá fronte a camiño público terá 27,5 metros de lonxitude. Constará dun muro de bloque de formigón visto tipo “split” de 1 metro de altura e dun remate de verxa metálica ríxida de 0,50 metros de altura. Polo tanto a altura total do peche será de 1,50 metros.

O peche será opaco nunha altura de 1 metro.

O peche a lindeiros terá unha altura de 2 metros e executarase con reixa metálica ríxida.

A porta de entrada terá tamén unha altura máxima de 1,50 metros, sendo opaca como máximo 1 metro.

Os peches e a porta previstos axústanse ao artigo 309 do P.X.O.M.

O peche distará 5 metros do eixo da vía, debendo solicitar a aliñación ao concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **Dna. M^a AMPARO CASAL BUYO (EXPTE. 40/2008) segundo solicitude de data 29 de febreiro de 2008**, para peche, na Avda. Bello Piñeiro nº 58 A, referencia catastral: 4318019NJ6141N.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano de Baixa Densidade.

O peche terá unha cimentación de formigón a ras do terreo en todo o seu perímetro e peche de rede metálica (que deberá ser ríxida) de altura 1,50 metros, polo que se axustará ao artigo 309 do PXOM.

Se se colocan portas e portóns de entrada, estes terán tamén unha altura máxima de 1,50 metros sendo opacos como máximo 1 metro.

O peche que dá á vía pública debe situarse conforme á aliñación que se deu para a licenza de edificación (expte. 83/2004), que recolle o proxecto (plano de parcela escala 1/100) e que coincide co límite da cesión de terreos que se efectuou no seu día. Esta aliñación axústase sensiblemente á fixada polo PXOM para esa rúa (5 metros do eixo da vía).

Deberá solicitar aliñación ao concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **Dna. ÁNGELA PEREIRA GARROTE (EXPTE. 53/2008) segundo solicitude de data 18 de marzo de 2008**, para cambio da celosía do muro de peche, na rúa Cristo nº 7, referencia catastral: 0420015NJ6102S.

Terá unha altura máxima de 1,50 metros.

O peche atópase fóra de ordenación, pero a obra é autorizable de acordo co artigo 49.1 pode ser outorgado.

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro”, nin os remates agudos.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **Dna. MÓNICA MARTÍNEZ REGUEIRO (EXPTE. 56/2008) segundo solicitude de data 18 de marzo de 2008**, para peche, na rúa da Pita, referencia catastral: 3212024-25NJ6131S.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano de Núcleo Rural.

Os peches e portas axustaranse ao artigo 309 do PXOM. A altura total do peche proxectado á vía pública será de 1,50 metros como máximo e opaco en 1 metro como máximo. Ata a altura total rematarase con verxa ríxida ou outros elementos non opacos. O peche a lindeiros e serventíos terá unha altura de 2 metros e opaco como máximo 1 metro.

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames nin as terminacións agudas.

Os muro de bloque de formigón visto deben acabarse con revoco e pintura en cores acordos coa paisaxe.

O peche distará 4 metros do eixo da vía, debendo solicitar a aliñación ao Concello antes da súa execución.

O peche a serventío distará 2 metros dende o eixo do mesmo.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

C) OBRAS MAIORES

- **D. MANUEL PATIÑO LIÑARES en representación de VAIBEN-CONS S.L. (EXPTE. 129/2008) segundo solicitude de data 20 de xuño de 2008**, para construción de dous edificios de 2PS+PB+2P+BC, para 36 vivendas, garaxes e trasteiros, en P8-“Cantón de Cora”, segundo proxecto básico reformado e de execución redactado polo arquitecto D. José María Dopico Suárez, visado polo C.O.A.G. en data 10.06.2008.

Cualificación do solo: Solo Urbano Non Consolidado, P8-“Cantón de Cora”.

A reforma afecta ás plantas segunda e baixo cuberta e ao número total de vivendas, que pasa de 40 a 36, ao eliminarse o aproveitamento no baixocuberta correspondente a 4 vivendas en dúplex.

As condicións urbanísticas son:

	ESTUDIO DE DETALLE	PROXECTO
Usos permitidos	Plurifamiliar / garaxe-aparcadoiro de 2ª categoría	Cumpre
Ocupación sobre rasante	2 bloques de 37 x 14 m. (Plano 5 do ED)	Cumpre
Ocupación baixo rasante	≤ 20 m	20 m.
Superficie edificable	1.036 m ²	1.036 m ²
Edificabilidade	3.444,85 m ²	3.443,74 m ²
Voos	0,80 m. no 60 % da fachada	Cumpre
Altura máxima	B+2+BC e 10 m.	Cumpre (B+2+BC e 9,79 m)
Cubertas	Pte. 30º, h. máx. a cumbreira de 4,50 m. sobre un volume de data 1,80 m. de altura dende a cara inferior do último forxado ata a horizontal do plano de cuberta (art. 84 modificado do PXOM ao que remite o Estudo de Detalle)	Cumpre

Conforme á Disposición Transitoria Primeira do Decreto 262/2007 das Normas do hábitat galego, é de aplicación o Decreto 311/1992 sobre a supresión da cédula de habitabilidade das vivendas ao ter solicitada a licenza de edificación no momento de entrada en vigor de ditas normas, sempre e cando o inicio das obras se efectúe no prazo de seis meses dende o outorgamento da licenza.

O proxecto de infraestruturas común de telecomunicacións é o que consta no expediente 91/2007, redactado polo enxeñeiro técnico de telecomunicación D. Carlos Balsa Castro, visado polo C.O.I.T.T. en data 08.01.2008.

O estudo de seguridade e saúde é o que consta no expediente 91/07, de data setembro de 2006, redactado polo arquitecto técnico D. Miguel Rodríguez Paz e visado polo C.O.A.T. A.C. en data 18.09.2006.

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. José María Dopico Suárez e os arquitectos técnicos directores da execución son D. Carlos José Santamaría Sande e D. Luis García-Boente Alonso, tal e como consta no expediente 91/2007.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- D. MANUEL PATIÑO LIÑARES en representación de VAIBEN-CONS S.L. (EXPTE. 137/2008) segundo solicitude de data 27 de xuño de 2008, para construción de un edificio de 2PS+PB+2P+BC, para 10 vivendas, garaxes, trasteiros e comercial, en P8-“Cantón de Cora”, segundo proxecto básico reformado e de execución redactado polo arquitecto D. José María Dopico Suárez, visado polo C.O.A.G. en data 26.06.2008.

Cualificación do solo: Solo Urbano Non Consolidado, P8-“Cantón de Cora”.

A reforma afecta ás plantas segunda e baixo cuberta e ao número total de vivendas, que pasa de 12 a 10, ao eliminarse o aproveitamento no baixocuberta.

As condicións urbanísticas son:

	ESTUDO DE DETALLE	PROXECTO
Usos permitidos	Plurifamiliar / garaxe-aparcadoiro de 2ª categoría	Cumpre
Ocupación sobre rasante	2 bloques de 37 x 14 m. (Plano 5 do ED)	Cumpre
Ocupación baixo rasante	≤ 20 m	19,90 m.
Superficie edificable	350m ²	350 m ²
Edificabilidade	1.116,85 m ²	1.116,77 m ²
Voos	0,80 m. no 60 % da fachada	Cumpre
Altura máxima	B+2+BC e 10 m.	Cumpre (B+2+BC e 9,90 m)
Cubertas	Pte. 30º, h. máx. a cumbreira de 4,50 m. sobre un volume de data 1,80 m. de altura dende a cara inferior do último forxado ata a horizontal do plano de cuberta (art. 84 modificado do PXOM ao que remite o Estudo de Detalle)	Cumpre
Superficie construída do local do Concello	Aprox. 220 m ²	217,07 m ²
Acceso a local do Concello	Dende espazo público (plano 4 do ED)	Cumpre

Conforme á Disposición Transitoria Primeira do Decreto 262/2007 das Normas do hábitat galego, é de aplicación o Decreto 311/1992 sobre a supresión da cédula de habitabilidade das vivendas ao ter solicitada a licenza de edificación no momento de entrada en vigor de ditas normas, sempre e cando o inicio das obras se efectúe no prazo de seis meses dende o outorgamento da licenza.

O proxecto de infraestruturas común de telecomunicacións é o que consta no expediente 90/2007, redactado polo enxeñeiro técnico de telecomunicación D. Carlos Balsa Castro, visado polo C.O.I.T.T. en data 02.01.2008.

O estudo de seguridade e saúde é o que consta no expediente 90/07, de data setembro de 2006, redactado polo arquitecto técnico D. Miguel Rodríguez Paz e visado polo C.O.A.T. A.C. en data 18.09.2006.

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. José María Dopico Suárez e os arquitectos técnicos directores da execución son D. Carlos José Santamaría Sande e D. Luis García-Boente Alonso, tal e como consta no expediente 90/2007.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- D. OSCAR ÁLVAREZ CONCHADO en representación de ANTONIO ÁLVAREZ CONCHADO E HIJOS S.L. (EXPTE. 58/2008) segundo solicitude de data 25 de marzo de 2008, para demolición de edificacións existentes, no núcleo urbano de Mugar dos, rúa Peteiro-Instituto, referencia catastral: 9924002NJ5192S, segundo proxecto redactado polos arquitectos D. Álvaro Fernández Carballada, Dña. Beatriz Aneiros Filgueiras e D. Pablo M. López Becerra, visado polo C.O.A.G. en data 10.03.2008, e documentación anexa presentada o 10.06.2008.

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-SD, Solo Urbano de Semidenso.

A finalidade da licenza é a demolición dunha vivenda unifamiliar illada, e tres construcións illadas auxiliares da vivenda.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 6.000,00 €.

Os técnicos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto D. Álvaro Fernández Carballada, Dña. Beatriz Aneiros Filgueiras e D. Pablo M. López Becerra e o técnico director da execución material e coordinador de seguridade e saúde é D. Manuel Parga Núñez.

Observaranse os correspondentes taponados das redes municipais de abastecemento de auga e rede de sumidoiros.

A terra e os cascallos procedentes da escavación non se depositarán na vía pública, vixiarase para que non se impida o paso a calquera usuario (rodado ou peonil) debendo coidarse especialmente a limpeza final tras cada retirada de cascallos. A este respecto deberá ser controlada estritamente a execución non senso de asegurar que non se deberán depositar cascallos na vía pública salvo se están no interior de contedores ou recipientes de volume axeitado, debendo quedar ao remate da xornada todos os materiais ordenados e recollidos e a zona de traballo limpa. Os contedores e valados serán obxecto de nova licenza.

Evitarase que os cascallos ceguen sumidoiros de saneamento por arrastres debidos ás augas de choiva.

Toda a obra debe estar axeitadamente sinalizada, incluso con sinais luminosos de funcionamento diúrno e nocturno se é preciso.

As vallas deben impedir o acceso á zona de obras a toda persoa allea ás propias obras.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

D) EXPEDIENTE DE LICENZA 180/2007. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS

Tendo en conta o informe da técnica municipal así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Tomás García Monteagudo en representación de D. José Manuel Rey Lugrís (N.R.E. 2.744/27.05.2008) no trámite de audiencia, polos motivos expostos no informe da arquitecta técnica municipal de data 02.06.2008, do que resulta acreditado que:

- A parcela carece de aliñación, e polo tanto, non é edificable
- O estudo de detalle na Lei 9/2002, no artigo 73.2, prohibe a apertura de vías de uso público.

2.- Denegar, en consecuencia, a seguinte licenza de obras:

- **D. TOMÁS GARCÍA MONTEAGUDO en representación de D. JOSÉ MANUEL REY LUGRÍS (EXPTE. 180/2007) segundo solicitude de data 4 de setembro de 2007**, para construción de vivenda unifamiliar illada, en R/ Curros Enríquez s/n, segundo proxecto básico redactado polo arquitecto D. Tomás García Monteagudo, visado polo C.O.A.G. en data 03.09.2007, polos seguintes motivos:

- Non se axusta aos artigos 58 do P.X.O.M. aprobado polo Pleno do Concello o 19.10.1999, e 16 da Lei do Solo de Galicia, por non obter a condición de solar, previo á concesión da licenza.
- O expediente carece de escritura pública.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e dous minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe

O ALCALDE